

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO PARA A COLOCACIÓN DE CORDAS COLECTORAS DE SEMENTE DO MEXILLÓN NO ÁMBITO DE COMPETENCIA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA

ANTECEDENTES

1. Con data do 11 de febreiro de 2025, FEMEX (FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MEXILLOEIROS) solicitou autorización para adiantar o prazo na colocación de cordas colectoras ao 1 de marzo de 2025.
2. O 14 de febreiro do 2025 solicítase informe aos membros da Comisión do Mexillón. Informan favorablemente, formulando nalgúns casos a súas respectivas peticións individuais, as seguintes entidades: Asociación de Mejilloneros profesionales "A Bensa", Asociación de Mejilloneros Profesionales "A' Marxa", Asmecruz Sociedad Cooperativa, Federación de Asociaciones de Mejilloneros de Arousa Norte (FARN), Asociación de Mejilloneros Illa de Arousa, Organización de Productores de mejillón de Galicia "Opmega" e Asociacion Productores Mejilloneros Ria Nosa de Moaña.
3. O subdirector xeral de Acuicultura emitiu informe o 11 de marzo de 2025 respecto das solicitudes relacionadas, no que deixa constancia de que non observa ningún inconveniente en que se adiante a data de inicio para a colocación das cordas colectoras.
4. O 11 de marzo de 2025 a directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ditou resolución pola que autoriza a colocación de ata 50 cordas colectoras máis por batea.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. O artigo 36 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, dispón: "*1. Poderán colocarse cordas colectoras de semente do mexillón sempre que o número total de cordas da batea non sobrepare a densidade e número máximo a que se refire o artigo anterior.*

2. Independentemente do recollido no punto anterior, no período que vai dende o 1 de abril ata o 30 de setembro, autorízase a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón en bateas de modo que o seu número non sobrepare as 100 respecto ao máximo que lle corresponde á dita batea.





*Cando fenómenos medioambientais excepcionais alteren o ciclo normal de reprodución da especie, modificándose a época de fixación larvaria, **a delegación territorial** (agora departamento territorial), dentro do ámbito da súa competencia **poderá variar o dito período, previa petición da maioría de entidades representativas do sector e informe da correspondente unidade técnica administrativa.***

En todo caso, unha vez finalizado o período, o número de cordas axustarase ao que corresponda á batea.

3. As cordas colectoras, que terán libre un dos seus extremos, non poderán ter máis de cinco metros de lonxitude contados a partir da superficie do mar. Cada unha delas deberá estar claramente identificada mediante unha marca de color roxo intenso, na súa parte superior, dunha lonxitude mínima de 30 cm que a diferencia perfectamente das cordas de engorde.”

Segunda. A subdirección xeral de Acuicultura emitiu informe o 11/03/2025 no que, en relación o adianto do período establecido no artigo 36.2 do Decreto 406/1996, deixa constancia de que *“os informes de recontos larvarios feitos en colaboración co laboratorio de inmunoloxía (CINBIO) da Universidade de Vigo (UVIGO) e o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), amosan que, nas últimas semanas, se está a producir un incremento das larvas. Esta situación aconsella a colocación anticipada das cordas colectoras para aproveitar os previsibles picos de fixación.”*

http://www.intecmar.gal/informacion/fito/informes/I_Larvas2.aspx.

Terceira. De acordo co citado artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, a competencia para ditar a presente resolución correspóndelle á directora territorial da Consellería do Mar na Coruña.

En base ao exposto,

RESOLVO

1. Modificar o período polo que se autoriza a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón en bateas, establecido no artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, de forma que, no ámbito de competencia territorial deste Departamento, as ditas cordas poderán colocarse **dende o 11 de marzo ata o 30 de setembro do 2025.**

A dita modificación do período de colocación das cordas colectoras queda suxeita ás seguintes condicións:





Primeira. As persoas concesionarias que fagan uso desta condición deberán comunicalo con antelación suficiente, indicando o nome do viveiro e a súa localización, á Subdirección Xeral de Acuicultura, Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. A comunicación poderá ser realizada a través do correo electrónico servizo.innovacion.acuicultura.cmr@xunta.gal ou na aplicación informática que a consellería porá a súa disposición.

A posta en funcionamento desta aplicación, coas indicacións necesaria para o seu emprego, será comunicada as asociacións para poder cumprimentar nela esta información. No momento en que a dita aplicación estea en funcionamento a comunicación só poderá ser realizada a través da mesma.

Segunda. Ao longo da campaña as persoas concesionarias deberán realizar a declaración do número de cordas colectoras e as cantidades captadas de semente de mexillón. A declaración será realizada a través da aplicación informática MOVTIC a medida que vaian retirando as cordas.

Terceira. En todo caso, para os efectos de realizar o correspondente seguimento técnico, os titulares dos viveiros deben colaborar co persoal da Consellería do Mar facilitándolles a información que lles sexa requirida.

2. Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A Coruña

A directora territorial na Coruña

P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

Miguel Gómez Losada

(asinado dixitalmente)

